

I

A boca non é para falar. É para calar.

Era un dito de Mariscal que o seu pai repetía como unha ladaíña e que Víctor Rumbo, *Brinco*, lembrou cando o outro mozo, abraiado, viu o que había no raro envoltorio que el sacara do cesto e preguntou o que non tiña que preguntar.

—E iso que é? Que vas facer?

—Teñen boca e non falan —respondeu lacónico.

A marea estaba baixa ou pensando subir, nunha calma atónita e escintilante das augas que alí resultaba estraña. Estaban os dous, Brinco e Fins, perto da rompente das rochas, ao pé do faro do cabo de Cons, e non moi lonxe das cruces de pedra que lembran os mariñeiros e náufragos mortos.

No ceo, tendo como epicentro a lanterna do faro, as gaviotas peteiraban o silencio. Había un saber burlón naquela espreita das aves do mar. Un rosmar foraxido. Íanse para logo retornar máis perto, achegándose en círculos cada vez máis insolentes. Tomaban esa confianza, partillando con xactancia un segredo que o resto da existencia prefería igno-

rar. Brinco mirou de esguello, divertido co escándalo das aves do mar. Sabía que el era a causa da súa excitación. Que estaban ao axexo.

Que agardaban un sinal decisivo.

—Meu pai sabe o nome de todas estas pedras —dixo Fins, tentando desatarse do curso das cousas—. As que se ven e as que non se ven.

Brinco xa aprendera a ter o desdén. Gustáballe ese sabor das frases urticantes no padal.

—As pedras non son máis que pedras.

Brinco empuñou o cartucho de dinamita, xa montado coa mecha. Co estilo de quen sabe como se usan.

—Teu pai será un bo mariñeiro, non o nego. Pero vas ver como se pesca de verdade.

Predeu á fin a mecha do cartucho. Tivo o sangue frío de sostelo un intre en alto, diante da cara espantada de Fins. Tirouno logo con forza, con xeito de adestrado, por enriba das cruces de pedra. Ao pouco, escoitouse o retumbo do estoupido no mar.

Eles agardaban. As gaivotas axitáronse máis, en manda voadora, cun axirío cómplice, animando cada chouto de Brinco nos penedos. Fins tiña os ollos espetados no mar.

—Agora isto vai ser unha marca de medo.

—O que?

—Os peixes non volven. Onde estoupa a dinamita non volven.

—Por que? Porque o di teu pai?

—Iso sábese. É o esquilmo.

—Si, home, si —burlouse Brinco.

No Ultramar oíra conversas semellantes e sabía a resposta: «Agora vai ser que os peixes teñen memoria!»

Sorriu de súpeto. Unha forza pode con outra no interior e é a que articula o sorriso. O que lle veu á boca foi unha sentenza de Mariscal. Unha frase das que dan un triunfo, mentres Fins Malpica está cada vez máis intimidado na espera, calado e pálido como un penitente. O fillo do Pau da Santa Cruz.

—Se es pobre moito tempo —dixo Brinco con medida contundencia—, acabas cagando branco como as gaviotas.

Sabe que con cada dito de Mariscal, queda o campo para un. Non fallan. Amóllalle, por outra banda, ter esa fonte de inspiración. Mais ocórrelle algo curioso con Mariscal e as súas sentenzas. Aínda que pechase os oídos, prenderían igual nel. O que lle pon o rabo ás cereixas. Esa é outra del. Outra que predeu. Non falla.

Brinco e Fins sentaron nunha rocha e meteron os pés descalzos nunha poza de auga de mar. Naquel acuario, a única vida visíbel era o xardín animal das anémones. Xogaron a achegar as dedas, e ese movemento provocaba que a falsa floración axitase os tentáculos.

—As putas delas —dixo Brinco—. Semellan flores e son sambesugas.

—A boca é tamén o seu cu —dixo Fins—. É o mesmo buraco, a boca e o cu.

O outro mirouno incrédulo. Ía soltar unha arroutada. Pero pensouno mellor e calou. Fins Malpica sabía moito máis ca el de peixes e animais. E do resto. Polo menos na escola. Así que o que fixo Brinco foi coller algo na poza e metelo na boca. Pechouna e mantivo a cara inchada como un bofe. Ao abríla, empuxou para fóra coa lingua un pequeno cangrexo vivo.

—Canto tempo podes aguantar sen respirar?

—Non sei. Media hora, ou así.

Fins ficou pensativo. Sorriu para dentro. Con Brinco ese é o xogo, hai que deixarse gañar para que estea a gusto. Facer o papalvo.

—Media hora? —dixo Fins—. Que merda!

Era a primeira vez que rían xuntos dende que chegaron ao cabo de Cons. Brinco ergueuse e esculcou no mar. Con ese movemento, co aceno de pór a man de viseira, no ceo intensificouse o balbordo. O chiar torvo peteirou a atmosfera no punto máis feble. Entre a espuma, como fervidos polo mar, apareceron os primeiros peixes mortos. Brinco vai por eles á présa co trueiro. Traían a tripa rebentada. Na palma atrita da man, contrastaban moito máis o fulxir prateado da pel e o sangue das garnelas abertas.

—Ves? É ou non é un milagre?